

# DINÁMICAS PARA TRABALLAR AS EMOCIONS QUEN É QUEN?



## OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Promover a empatía
- ★ Cohesionar ao grupo de alumnos e alumnas
- ★ Promover o pensamento creativo
- ★ Promover o respecto e o valor polas diferenzas

## DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Repartimos ó alumnado tiras de cartolina cun longo suficiente para rodear a súa cabeza.
- ★ Escriben no centro da súa tira de cartolina o seu nome (e primeiro apelido se é preciso para diferenciar), con rotulador e en maiúsculas, que se vexa ben.
- ★ Recollemos todas as tiras de cartolina e, ao azar, colocámoslles ao redor da cabeza suxeitas cun clip cadansúa tira á metade do alumnado, de tal forma que non vexan o nome que levan escrito na súa fronte. As outras tiras gardámolas.
- ★ Cando teñen colocadas as tiras, levantan e camiñan polo espazo libre da aula. Cando as persoas que levan a cartolina atopan con alguén, pódennles facer unha pregunta sobre a persoa cuxo nome teñen na súa fronte, á que só lles poden responder cun "sí" ou un "Non".
- ★ O alumnado que non levan nome na súa fronte debe actuar coma se a persoa que lev a tira posta fose en realidade a persoa cuxo nome levan pegados na fronte.
- ★ Cando as persoas que levan o nome na fronte están seguras de adiviñar de quen se trata, dinllo ao titor/a. De acertar, quítaselle o nome e pasa a formar parte do outro grupo de alumnado, ata que todas as persoas adiviñan o nome que levan escrito.

## PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Parecevos difícil descubrir o nome?
- ★ Que preguntas fixestes?
- ★ Algunhas preguntas eran máis fáciles que outras?
- ★ Que preguntas vos deron máis pistas?
- ★ Que os vosos compañeiros/as tratáranvos como o farían coa persoa que tiñades que adiviñar, Axudouvos? Como vos fixo sentir?
- ★ Pensades que é importante coñecer aos vosos compañeiros/as?
- ★ Como vos sentistes na súa pel?

## MATERIAIS

- ★ Tiras de cartolinas.
- ★ Clips.